

O 28 de xullo deste ano, o SEPE publicou a noticia “Novo procedemento de seguimento do traballo a distancia”. Nela informábase a todo o persoal de que temporalmente, como procedemento de seguimento do traballo a distancia, vai utilizar un sistema baseado en formularios que cada persoa deberá cumprimentar cada vez que realice unha xornada de traballo a distancia.

Na información da web non se especifican aspectos como quen vai a ser a persoa responsable do tratamento dos datos do cuestionario, quen recibe o cuestionario e o analiza para valorar o desempeño do posto. Varias persoas do noso persoal preguntáronnolo e este sindicato non ten información sobre as devanditas cuestións.

Por todo isto, solicitámoslles aos nosos servizos centrais que nos informen sobre as seguintes cuestións:

- Quén, dentro da estrutura do sepe, recibe os cuestionarios que envía o persoal ao final da xornada e é responsable do tratamento dos datos .
- Quén vai realizar a análise dos devanditos datos e a valoración dos mesmos.
- Qué criterios van usar para avaliar o traballo desenvolvido por cada persoa.

Tamén solicitámoslle que se informe ao persoal sobre os devanditos puntos. En calquera caso, cando teñamos contestación a transmitiremos.